

XIII EDICIÓN DOS PREMIOS EDUCACOMPOSTELA DE RECURSOS EDUCATIVOS EN PROL DA INNOVACIÓN, DA CALIDADE EDUCATIVA E DA RENOVACIÓN PEDAGÓXICA

Bases:

1. O Concello de Santiago de Compostela e Nova Escola Galega convocan os **Premios Educacompostela** co fin de recoñeceren, promoveren, premiaren e difundiren publicamente aqueles materiais educativos que polo seu valor e interese poidan contribuír ao desenvolvemento educativo de Galicia, favorecendo a innovación, a calidade na educación e a renovación pedagóxica.
2. Os materiais didácticos poderán estar dirixidos:
 - Aos diferentes niveis do ensino e poderán tratar sobre calquera tema a abordar no desenvolvemento do currículo nos centros educativos, ben sexa en educación infantil, primaria, secundaria ou en etapas postobrigatorias.
 - Aos diferentes contextos de acción socioeducativa, podendo tratar de calquera temática relativa aos ámbitos de traballo da pedagogía-educación social e os colectivos destinatarios en diferentes organismos e institucións.
3. Os materiais presentados deberán ser orixinais, inéditos e estar redactados ou elaborados en lingua galega. Así mesmo, deberán estar elaborados, non en forma de proxecto. Non poderán participar aqueles traballos que fosen premiados con anterioridade nalgunha convocatoria dos Premios Educacompostela.
4. Cada material ou conxunto de materiais deberá ir acompañado dun texto explicativo cun máximo de 15 páxinas que dea conta das súas características, estrutura, obxectivos, destinatarios/as, proceso de elaboración, aplicación, avaliación e resultados obtidos.
5. En ningún lugar do texto ou documentación presentada pode figurar o nome ou imaxe das autoras/es e institución de referencia. O incumprimento deste requisito será motivo de exclusión da convocatoria.
6. Os orixinais para optar aos premios deberán remitirse ao Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela. O prazo de presentación de orixinais ábrese coa publicación destas bases no boletín oficial da provincia de A Coruña e rematará o 08 de outubro de 2021.
7. No sobre exterior farase constar:

Concello de Santiago de Compostela
Departamento de Educación
"XIII Edición dos Premios Educacompostela"
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

8. *Aceptaranse os orixinais que cheguen por correo ordinario ou por mensaxería se foron presentados nunha data anterior á finalización do prazo de presentación. Tamén se admitiran aqueles traballos que cheguen con rexistro de entrada en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que a data de entrada no organismo de que se trate, sexa anterior á finalización do prazo de presentación.*

9. *Tanto os concursantes individuais como os equipos deberán acollerse a un pseudónimo. No interior dun sobre pechado, rotulado por fóra co pseudónimo, incluírase:*

- *Pseudónimo.*
- *Título do traballo presentado.*
- *Domicilio profesional, teléfono e correo electrónico.*
- *Datos da entidade ou do/a autor/a ou autores/as concursantes e copia dos documentos que acrediten a súa personalidade.*

En caso de que a persoa concursante sexa un colectivo sen personalidade xurídica, deberá facer constar a porcentaxe do premio que corresponderá, se é o caso, a cada membro da agrupación, que terá a consideración de beneficiario. Asemade, nomearán unha persoa representante ou apoderada única, con poderes para cumprir as obrigas que correspondan á agrupación como beneficiaria.

10. *A presentación dos traballos implica a aceptación íntegra e incondicional das bases reguladoras da convocatoria.*

11. *O xurado estará composto polo concelleiro de Educación do Concello de Santiago de Compostela, dous representantes de Nova Escola Galega, dous representantes do Departamento de Educación do Concello de Santiago, o/a director/a do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC, un representante dos centros de formación e recursos de Galicia e un representante das editoriais de Galicia.*

12. *Dotación dos premios:*

<i>Primeiro premio:</i>	<i>1.200,00 €</i>
<i>Segundo premio:</i>	<i>900,00 €</i>
<i>Terceiro premio:</i>	<i>600,00 €</i>
TOTAL	2.700,00 €

13. *Esta dotación económica financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 080.32600.4890100, dos orzamentos do exercicio 2021, que conta con crédito suficiente e adecuado.*

14. *Os premios están suxeitos á retención fiscal que corresponda.*

15. *Os premios poderán ser declarados desertos.*

16. *As propostas presentadas valoraranse consonte os seguintes criterios:*

- a) *Os traballos presentados deberán atender á concepción de material didáctico, entendidos como aqueles recursos didácticos impresos, materiais ou dixitais elaborados intencionalmente para os ámbitos educativos escolar ou social, co propósito fundamental de contribuíren a facilitar os procesos formativos e a*

adquisición de valores. Adoitan presentarse baixo variadas formas e sistemas simbólicos e están ao servizo dun programa ou proxecto educativo.

- b) O contido dos materiais didácticos adecuarase á realidade sociocultural e educativa de Galicia e estará redactado en lingua galega.*
- c) Xustificación da proposta que se suxire.*
- d) Aplicación e avaliación que acompañe os materiais didácticos.*
- e) Implicación das comunidades educativas (profesorado, educadores/as sociais, alumnado, familias, destinatarios/as), na elaboración e uso dos materiais didácticos.*
- f) Acomodación das propostas dos materiais didácticos aos proxectos educativos a que se refira.*
- g) Participación do centro educativo ou institución de referencia no desenvolvemento da proposta.*
- h) Integración de Tecnoloxías da información e da comunicación, e da aprendizaxe e do coñecemento, na concepción, deseño e uso dos materiais didácticos presentados.*
- i) Que os materiais didácticos presentados a concurso non fosen previamente premiados en ningún outro concurso, certame ou premio.*

17. *As decisións do xurado serán inapelables.*

18. *As cuestións non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado de acordo co seu libre criterio.*

19. *O ditame do xurado será proposto para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local de Santiago de Compostela.*

20. *Os XIII Premios Educacompostela resolveranse no exercicio 2021.*

21. *As entidades que convocan comprométese a lles daren publicidade ás obras premiadas. A tal efecto, as persoas ou equipos participantes autorizan a difusión dos materiais presentados.*

22. *As persoas concursantes nos XIII Premios Educacompostela que non queiran que se divulguen as súas propostas poden solicitar a devolución dos orixinais non seleccionados. Terán que comunicalo por escrito a través do enderezo de correo electrónico: dptoeducacion@santiagodecompostela.gal durante o prazo de tres meses dende a decisión do xurado. Os traballos poderán ser retirados persoalmente ou por unha persoa autorizada.*

23. *As presentes bases publicaranse na web do concello de Santiago de Compostela <http://santiagodecompostela.gal/>, na de Nova Escola Galega <http://neg.gal> e nas correspondentes redes sociais.*

O extracto da convocatoria publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Posteriormente, a BDNS dará traslado do extracto desta ao Boletín Oficial da Provincia de A Coruña para a súa publicación.

Departamento de Educación. Tel.: 981 55 44 00/01
dptoeducacion@santiagodecompostela.gal - www.santiagodecompostela.gal

Nova Escola Galega. Tel.: 981 56 25 77
neg@neg.gal - www.neg.gal